

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

XANEIRO FEBREIRO
MARZO 2023

Nº 56

ABRACA DABRA

QUE VES? PROBA OUTRA VEZ

PASATEMPOS

GALERÍA DE FOTOS

MANUALIDADE

QUE HAI DE NOVO...?



**Deputación
DA CORUÑA**

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

QUE VES? PROBA OUTRA VEZ.

Bualá!!! Que pasada!!! Encántanme estas cousas... Ah!!! Ola!! Levades moito tempo aí? Tedes que perdoar, pero é que podo pasar horas así. É algo hipnótico que me atrapa e sen darme conta o tempo voa. En fin, vóame o tempo e abstráime de tal modo que non me decato do que pasa ao meu ao redor. Non vos pasa? seguro que si. Ah!!! que non sabedes do que estou a falar... Perdón... Xa vos dicía que me abstraio unha chea... Pois vaivos encantar! Porque... estades aí de verdade, non? É que chega un punto no que xa non sei moi ben o que é real e o que son ilusións ópticas!

Non vos alucina que, en ocasións, o noso cerebro e os nosos ollos entren en conflito e vexamos o que non é? Que non poidamos estar seguros da realidade porque esta depende de como a miremos? Temos que sucumbir á evidencia de que o noso sistema visual non é perfecto?, ou, seica é o noso cerebro o que falla? ou, paradoxalmente, estes supostos fallos do sistema o que fan, en realidade, é protexernos?

Sexa como sexa, é algo moi curioso que nos convida a mirar unha e outra vez, a ver se somos capaces de non volver caer na ilusión. Pero fagamos o que fagamos segue aí. Por que se producen? Polo que estiven a investigar, o noso cerebro busca regularidades e patróns na natureza porque non ten a capacidade de manexar toda a información que percibe a través dos nosos sentidos. É dicir, as inferencias que fai o noso cerebro, en realidade, supoñen unha vantaxe, aínda que en ocasións existan excepcións a esas regularidades que provocan erros así de entretidos.


Hai varios tipos de ilusións ópticas: algunhas alteran o tamaño relativo, así, parécenos percibir que dúas liñas, puntos,... son de diferente tamaño cando en realidade son iguais. Outras, engánannos coa cor, facéndonos ver dous obxectos de distinta cor aínda que en realidade sexa a mesma. Tamén hai ilusións que nos fan crer que imaxes estáticas están a moverse, ou que liñas rectas parecen estar curvadas. Mesmo podemos atoparnos con obxectos que desaparecen do noso campo de visión, outros que aparecen, e imaxes que, tras mirar a un punto parecen xurdir da nada... Para as e os que vos gusten os datos máis técnicos, dicirvos que o psicólogo Richard Gregory clasificounas en físicas, fisiolóxicas e cognitivas, subdivididas á súa vez en ficcións, ambigüidades, paradoxos e distorsións.

Pasaríame horas falándovos de todas elas, pero creo que non temos tempo suficiente, así que simplemente déixovos algunhas na sección de pasatempos e convidovos a que as busquedes todas. Algunhas levan o nome dos seus creadores (Müller-Lyer, Ebbinghaus, Delboeuf, Ponzo, Kokichi Sugihara,...) dígoo por se preferides buscalas así. Mesmo vos reto a que creedes as vosas propias ilusións ópticas. Seguro que deixaredes a todo o mundo abraiado. Ahh!!! E se tedes prevista algunha viaxe a Málaga, Sevilla, Madrid, Toledo ou Barcelona, intentade ir ao museo de Ilusións. Pasarédelo xenial!!!

En fin, xa me teño que ir, aínda que... tal vez nunca estiven aquí... Quen sabe... Igual só son unha ilusión óptica que apareceu ante vós por mirar a un punto fixo durante un tempo determinado...




Vémonos no próximo número!!!

E, por suposto, se creades algunha ilusión óptica, por favor, deixádema na Sección Xuvenil da Biblioteca. Encantárame vela.



PASATEMPOS

Aquí chegan os pasatempos máis esperados... Iremos comezar por algunhas ilusións ópticas, como vos prometíamos. Puntos que parecen de distinto tamaño, liñas rectas que parecen curvarse, figuras imposibles, formas que parecen saír en relevo, puntos negros que aparecen e desaparecen... Que ilusións son as vosas preferidas?



E un xeroglífico para darlle un pouco aos miolos :
Que lle regalaron a Marta?



CHISTES

E, como non, os chistes máis chistosos para rir e non parar.

- ¡Hola! Llamaba para que me digan mi futuro.
- Por supuesto. ¿Cómo se llama?
- Lucía.
- Pues su futuro es luciré.

En una clase una profesora pregunta a un alumno:
–¿Puedes ponerme un ejemplo del Renacimiento?
A lo que el alumno responde:
– Claro profe. Los zombis.

GALERÍA


Aquí vos deixamos algúns dos traballos que se fixeron nos [talleres de Pintura](#) impartidos pola artista [Luisa Valdés](#). Un xogo de perspectivas que tamén nos provoca ilusións ópticas...





FACENDO ILUSIÓNS

E, agora, imos xogar co noso sistema visual. Para iso, propoñémosvos a seguinte manualidade: Copia e recorta os discos que che propoñemos a continuación.



Unha vez recortados, atravesas, cun lapis coa punta cara abaixo, cada un dos discos xusto polo centro, e fainos virar coma se se tratase dunha buxaina.

Que sucede? Podes debuxar discos diferentes e observar que pasa en cada caso.

Podes atopar estes discos no libro: **Arte y técnica de las manualidades: Juguetes ópticos** / Jean-Paul Mouvie, Christiane Neuville. Dispoñible na biblioteca: 379 ART jue / a.

SOLUCIÓNS DOS PASATEMPOS

XEROGLÍFICO Pendentes (P - (en) - dentes)

QUE HAI DE NOVO...?

* Ánimate ao **BONOLIBRO!** É unha tarxeta na que che propoñemos levar en préstamo os distintos materiais que temos na biblioteca. Se consegues encher todos os recadros do Bonolibro, recibirás un agasallo e poderás ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca

* Se tes de 15 a 17 anos e che gusta ler tamén en dixital, non esperes máis e date de alta na **biblioteca dixital EbiblioDaCoruna**. Poderás gozar, de forma gratuíta, dun préstamo dixital de libros, revistas, audiolibros, e outros contidos dixitais das máis variadas temáticas. É moi sinxelo, consulta na biblioteca ou na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

* Se desexas que a Biblioteca conte con algún libro, DVD, revista, ... podes cubrir o impreso de **Desideratas** e estudaremos a túa petición.

* Lembra que podes facer as vosas **RESERVAS E RENOVACIÓNS** dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.


* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA**. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantiljuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

Síguenos en



www.dacoruna.gal/biblioteca



Biblioteca Provincial da
Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña.
Tfno: 981 080 171
Depósito Legal: C 4802-2008